

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15012730	IES Camilo José Cela	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura II	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	41
4.2. Materiais e recursos didácticos	41
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	42
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	42
6. Medidas de atención á diversidade	43
7.1. Concreción dos elementos transversais	44
7.2. Actividades complementarias	45
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	45
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	46
9. Outros apartados	47

1. Introducción

A materia de Lingua Galega e Literatura é unha das consideradas “instrumentais”, xa que posúen, ademais dun valor en si mesmas como contido curricular, unha utilidade básica para a construción de aprendizaxes en calquera disciplina e unha importancia decisiva para conseguir varias das denominadas competencias clave, sobre todo a Competencia en Comunicación Lingüística.

O estudo da lingua e da literatura galega é enfocado na presente programación desde un punto de vista fundamentalmente instrumental, comunicativo e competencial, fomentando o coñecemento práctico do idioma e as destrezas encamiñadas ao “saber facer”. Ademais procúrase a interrelación co estudo das outras linguas do currículo escolar de cara ao tratamento integrado do currículo das mesmas. Outro vector fundamental sobre o que se estrutura a materia de Lingua Galega e Literatura é o da comprensión da realidade lingüística de Galicia, que pretende fomentar, ademais do coñecemento e o uso correcto, a valoración positiva e o emprego consciente do noso idioma, tratando de evitar a súa minusvaloración social.

A materia de Lingua Galega e Literatura II estrutúrase nos seus criterios de avaliación e contidos, de acordo co Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, en catro bloques: “As linguas e os seus falantes”; “Comunicación”; “Educación Literaria”; e “Reflexión sobre a lingua”. Abordarase, de acordo coas indicacións do devandito decreto, orientada a conseguir a eficacia comunicativa nas producións orais, escritas e multimodais do alumnado. Ademais, pretende consolidar un uso ético da linguaxe, na que esta sexa o alicerce básico para a construción dunha cidadanía activa que se basee na convivencia democrática, na resolución dialogada de conflitos e na construción de vínculos interpersoais baseados na igualdade entre todas as persoas.

No currículo do Bacharelato recollido no decreto indicado no parágrafo anterior, non se establece unha segmentación entre os dous cursos, aínda que se opta por abordar no segundo curso da etapa, nalgún bloque de contidos, unha gradación con respecto ao curso anterior. Así, no bloque de “Educación Literaria”, céntrase o proceso de aprendizaxe no referente á literatura máis recente, do século XX e XXI. Nos bloques de Comunicación e As linguas e os seus falantes abordarase unha estratexia educativa que integre unha actuación ampla sobre aspectos que se traten nos dous cursos. No bloque “Reflexión sobre a lingua”, ademais de integrar de xeito global as estratexias de reflexión discursiva e gramatical, incidirase na orientacións cara á mellora da sintaxe e o discurso nos textos argumentativos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

A materia de Lingua Galega e Literatura II, de 2º de Bacharelato, desempeñará un papel fundamental para a adquisición da primeira das competencias, a Competencia en comunicación lingüística (CCL), cuxo desenvolvemento e dominio estará presente en todos os obxectivos a través de distintos descritores operativos. A Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA) a Competencia plurilingüe (CP) e, en boa medida, a Competencia Dixital (CD) tamén son abordadas de xeito central en boa parte dos obxectivos a través de varios descritores e consideramos que a nosa materia, en calidade de materia instrumental ou vehicular para a adquisición de coñecementos, é unha boa plataforma para a adquisición destes coñecementos.

A Competencia Cidadá (CD) e a Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC) tamén son traballadas en diferentes obxectivos e a materia pode achegar contribucións relevantes para a adquisicións das mesmas, especialmente a través dos bloques de contidos de comunicación e de educación literaria, respectivamente. A Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM) e a Competencia emprendedora (CE) xa contan con menos achegas por parte da nosa materia.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNIDADE 1: Do fonema ao texto. O comezo do século XX.	Nesta unidade traballaranse as unidades comunicativas comezando polo máis básico: os sons e fonemas da lingua. Traballarase a situación do galego na	5	7	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNIDADE 1: Do fonema ao texto. O comezo do século XX.	sociedade do Iº terzo do século XX e, en relación con isto, a poesía de Cabanillas e Noriega Varela en relación co agrarismo e as Irmandades da Fala	5	7	X		
2	UNIDADE 2: A estrutura do texto e a expresión das ideas. A vangarda.	Traballarase as principais cuestións de estrutura textual e expresión da intencionalidade e contido do texto, tanto desde oralidade como desde a escrita e a produción multimodal. Tamén se fará unha revisión das normas de acentuación. Proseguirase desenvolvendo o contexto literario de comezos do século XX co estudo da poesía vangardista desta época.	10	7	X		
3	UNIDADE 3: As clases de palabras: substantivo e adxectivo. A renovación da narrativa. Estereotipos e prexuízos lingüísticos.	A unidade comezará co estudo da estrutura da palabra e a expresión do xénero e do número. Na etapa do primeiro terzo do século, estudarase a prosa da época con especial atención ao Grupo Nós mais tamén a outros autores e outras autoras do tempo das Irmandades da Fala.	10	8	X		
4	UNIDADE 4: A variedade xeográfica da lingua. A estrutura das familias léxicas e a análise morfolóxica. O teatro no Iº terzo do século.	Nesta unidade buscarase caracterizar a diversidade lingüística, especialmente a diversidade interna do galego e as súas variedades dialectais. Realizaranse análises dos constituíntes da categoría nominal (substantivos e adxectivos) e da formación das familias léxicas regulares e irregulares. Para rematar a educación literaria sobre a primeira metade do século, analizarase a actividade teatral nesta época.	10	7	X		
5	UNIDADE 5: As relacións e estruturas sintácticas. A longa noite de pedra. Poesía entre 1936 e 1975	Analizaranse as relacións e estruturas sintácticas no marco da interpretación e produción de textos académicos e multimodais. Abordarase a situación lingüística e social durante o franquismo, así como a poesía e os textos literarios poéticos producidos neste período.	10	7		X	
6	UNIDADE 6: A frase. Verbos regulares e irregulares. Prosa entre 1936 e 1975	Nesta unidade comezarse coa análise de estruturas sintácticas. Asemade, revisarase o sistema verbal, tanto a conxugación regular como irregular na produción oral e escrita de textos académicos e xornalísticos que teñan en conta a correcta expresión da temporalidade. No marco da caracterización literaria da etapa franquista, leranse e analizaranse textos literarios en prosa do período entre 1936 e 1975.	5	7		X	
7	UNIDADE 7: A cláusula. O galego, lingua en vías de normalización. A nova narrativa galega.	Tratarase nesta unidade de afondar no coñecemento sobre a estrutura da lingua coa análise da cláusula e da estrutura morfolóxica do principal constituínte desta unidade: o verbo. Analizarase o progreso do proceso de normalización lingüística do	10	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	UNIDADE 7: A cláusula. O galego, lingua en vías de normalización. A nova narrativa galega.	galego. Profundizarase no coñecemento da narrativa contemporánea e as súas técnicas coa revisión das características e obras fundamentais da chamada no seu momento Nova Narrativa Galega.	10	8		X	
8	UNIDADE 8: A subordinación adxectiva e substantiva. Os pronomes. Teatro de 1936 a 1975.	Nesta unidade afondarase na comprensión e produción de textos complexos escritos e nas súas conexións e relacións sintácticas de subordinación adxectiva e adverbial. Asemade, estudarase a referencia persoal nestes textos, con especial énfase nos pronomes persoais. En canto á educación literaria, visualizaranse e leranse fragmentos das principais correntes, obras e autores/as do teatro galego de posguerra e do franquismo.	5	7		X	
9	UNIDADE 9: A subordinación adverbial. Valores dos tempos verbais. O posfranquismo e a literatura no exilio.	Nesta unidade prestarase especial atención á expresión oral e escrita da temporalidade e das circunstancias que lle afectan: tanto na subordinación como na expresión dos distintos valores dos tempos verbais. Caracterizarase a etapa de 1975 á actualidade e analizaranse textos literarios producidos polos autores e autoras do exilio desde a Guerra Civil á actualidade.	10	7			X
10	UNIDADE 10: A Oración. Perífrases verbais. Historia da normativización. Poesía desde 1975 á actualidade	Esta unidade abordará a análise de información complexa, tanto en textos escritos como multimodais, con especial atención ás secuencias denominadas oracións dentro destas producións textuais. Estudarase a diversidade lingüística desde o punto de vista da evolución do estándar lingüístico galego. Tamén se interpretarán e producirán textos que teñan en conta as características da poesía galega desde 1975 á actualidade, con atención ás principais correntes poéticas deste tempo.	10	8			X
11	UNIDADE 11: A expresión da comparación. Formas non persoais: o infinitivo conxugado. Prosa desde 1975 á actualidade.	Produciranse nesta unidade textos académicos que empreguen recursos hoxe cada vez máis en desuso como o infinitivo flexionado ou conxugado, reflexionando sobre as correctas normas de emprego desta e doutras formas non persoais do verbo galego. Revisarase a expresión das estruturas comparativas en textos orais e escritos actuais. En canto á educación literaria, analizaranse textos da prosa galega desde 1975 ata a actualidade, con atención aos/as autores/as e obras máis significativos e significativas.	10	7			X
12	UNIDADE 12: A semántica e a Lexicoloxía. Preposicións e conxuncións. Teatro desde 1975 á actualidade.	Revisaranse conceptos semánticos e lexicolóxicos postos en relación co uso democrático e igualitario da linguaxe en canto á igualdade e usos non sexistas.	5	7			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	UNIDADE 12: A semántica e a Lexicología. Preposicións e conxuncións. Teatro desde 1975 á actualidade.	Analizaranse as conexións textuais, con especial referencia ás preposicións e conxuncións. Con respecto á educación literaria, leranse obras e visualizaranse fragmentos de producións teatrais desde 1975 á actualidade.	5	7			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UNIDADE 1: Do fonema ao texto. O comezo do século XX.	7

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora e recoñece a calidade dos textos orais e os principais procedementos usados.	PE	70
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado, planificando e revisando co apoio de instrumentos de consulta.		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido, a estrutura e a información relevante dos textos académicos e dos medios de comunicación.		
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Realiza valoracións críticas sobre o contido e a forma dos textos especializados, así como da eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos e fai propostas de mellora de xeito axeitado.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Produce textos que incorporan progresivamente melloras e maior precisión lingüísticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos e achega melloras incorporando a reflexión metalingüística e a linguaxe técnica.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	É capaz de usar estratexias de expresión asertiva dos propios pensamentos e o diálogo como medio de solucionar conflitos	TI	30
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de xeito activo en interaccións orais e desenvolve as súas tarefas no marco do traballo en equipo.		
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa activamente nas interaccións orais e no traballo en equipo empregando as estratexias correctas de cooperación e cortesía.		
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica os usos discriminatorios da lingua e os abusos de poder, adoptando estratexias para evitalos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio

Contidos

- itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
2	UNIDADE 2: A estrutura do texto e a expresión das ideas. A vangarda.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Recoñece e valora as distintas linguas da Península Ibérica, así como as diferenzas dialectais do galego, identificando as principais bloques e áreas lingüísticas.	PE	75
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica o sentido, a estrutura e a información relevante en textos orais e multimodais.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora e avalía a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora textos académicos atendendo ás propiedades textuais cunha planificación axeitada, redactando e revisando bosquejos e manexando instrumentos de consulta.		
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos de enriquecemento dos textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, respectando a corrección gramatical.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais especializados.		
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e a forma de textos especializado e avalía a súa calidade e eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e a forma de textos especializados, avaliando a súa calidade e fiabilidade.		
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e evita os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder e os usos manipuladores da linguaxe usando os procedementos requiridos e recoñecendo os elementos non verbais.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos de enriquecemento de textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora partindo da reflexión metalingüística e empregando a linguaxe específica requirida.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor.		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións e argumentacións orais formais extensas, planificadas, sobre temas científicos e culturais respectando as propiedades textuais e usado diferentes soportes.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa, cortesía lingüística e estratexias de cooperación.	TI	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais e no traballo en equipo.		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora a partir da reflexión metalingüística e usando a linguaxe específica requirida.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.

Contidos
- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
3	UNIDADE 3: As clases de palabras: substantivo e adxectivo. A renovación da narrativa. Estereotipos e prexuízos lingüísticos.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e selecciona procedementos para o seu cuestionamento, dentro do respecto á riqueza cultural e á diversidade, analizando a relevancia dos medios e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	PE	75
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica os usos discriminatorios da lingua e rexeita as manipulacións da linguaxe usando instrumentos de reflexión lingüística, discursiva, textual e comunicacional.		
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora textos académicos respectando as propiedades textuais, cun alto grao de planificación e atendendo á situación comunicativa.		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais especializados, sobre todo académicos e dos medios de comunicación.		
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e a forma de textos especializados, avaliando a súa calidade e fiabilidade, ademais da eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elixe e le de maneira autónoma obras relevantes relacionadas coas propostas de lectura guiada e deixa constancia do progreso do propio itinerario lector.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explica e argumenta a interpretación de obras lidas a partir da análise dos seus elementos constitutivos e das súas relacións internas, usando unha metalinguaxe específica.		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora a partir da reflexión metalingüística e identificando problemas de comprensión lectora.		
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e evita os usos discriminatorios da lingua e o poder manipulador da linguaxe a través de elementos discursivos, lingüísticos, textuais e non verbais.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos nos seus aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección gramatical.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística, solucionando problemas de comprensión lectora.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utiliza estratexias de resolución dialogada de conflitos e procura consenso, tanto no ámbito persoal como no educativo e social.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais e traballa en equipo adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación.	TI	25
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais e no traballo en equipo, adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Comparte a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elabora a súa interpretación persoal de xeito argumentado.		
CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Elabora e presenta os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos da lingua, usando os conceptos e a terminoloxía adecuada e consultando materias diversos de forma autónoma.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
4	UNIDADE 4: A variedade xeográfica da lingua. A estrutura das familias léxicas e a análise morfolóxica. O teatro no 1º terzo do século.	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Recoñece e diferencia os trazos lingüísticos das diferentes linguas da Península Ibérica e das variedades dialectais do galego, recoñecendo os que responde á diversidade dialectal e os que son propios de sociolectos ou rexistros.		
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social, logo dun proceso de planificación e contextualización.		
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais, especialmente textos académicos e dos medios de comunicación.	PE	75
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e a forma de textos especializados, avaliando a calidade, a eficacia e a fiabilidade dos recursos lingüísticos empregados.		
CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	Avalía a veracidade de noticias e informacións de distintos medios, especialmente de redes sociais, cunha actitude crítica e analítica.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e forma de textos especializados, avaliando a calidade, fiabilidade e eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolve proxectos de investigación que se concreten nunha exposición, un ensaio ou unha presentación multimodal sobre obras da literatura galega dos séculos XX e XXI.		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora a partir da reflexión metalingüística e usando linguaxe específica.		
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e evita os usos discriminatorios da lingua, así como os abusos de poder e as manipulacións da linguaxe empregando ferramentas discursivas, textuais e lingüísticas, ademais de non verbais.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos lingüísticos, discursivos e estilísticos, de enriquecemento dos textos		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua, así como o abuso de poder e a manipulación a través da linguaxe.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais e no traballo en equipo.		
CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elabora traballos de investigación en diferentes soportes e sobre diferentes temas, seleccionando, organizando e integrando información de diferentes fontes con respecto á propiedade intelectual.	TI	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Cuestiona e refuta prexuízos e estereotipos lingüísticos valorando a riqueza cultural, lingüística e dialectal e analizando e valorando a importancia dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	PE	75
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica o sentido, a estrutura e a información relevante en textos orais e multimodais.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora o contido dos textos orais e multimodais especializados, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle empregada, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.		
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora textos académicos respectando as propiedades textuais e coa planificación e revisión axeitadas.		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e a forma de textos especializados, avaliando a súa calidade e fiabilidade e os procedementos lingüísticos empregados.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e a forma de textos especializados, avaliando a calidade, fiabilidade e eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora a partir da reflexión lingüística e usando unha metalinguaxe específica.		
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e evita os usos discriminatorios da lingua, os abuso de poder e as manipulacións a partir da reflexión e da análise dos procedementos lingüísticos e discursivos e dos elementos non verbais.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con corrección ortográfica e gramatical.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora a partir da reflexión lingüística, cunha metalinguaxe específica.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utiliza estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos no ámbito persoal e educativo.		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións e argumentacións orais formais extensas, con planificación e axeitándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e ás propiedades textuais.	TI	25
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de xeito activo en interaccións orais e no traballo en equipo, adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cortesía e de cooperación.		
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais e no traballo en equipo, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor e os seus efectos no receptor, usando os coñecementos da lingua e unha metalinguaxe específica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros. - Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos,

Contidos

- xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
11	UNIDADE 11: A expresión da comparación. Formas non persoais: o infinitivo conxugado. Prosa desde 1975 á actualidade.	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a eficacia dos procedementos comunicativos.	PE	85
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora textos académicos respectando as propiedades textuais e coa planificación e revisión axeitadas.		
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión e corrección gramatical.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais.		
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e a forma de textos especializados, avaliando a súa calidade e fiabilidade e os procedementos lingüísticos empregados.		
CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelabora e comunica de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elabora traballos de investigación de maneira autónoma en diferentes soportes e sobre diversos temas, seleccionando e contrastando información cun sentido crítico e con respecto á propiedade intelectual.		
CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	Avalía a veracidade de noticias e informacións de redes sociais e contornos dixitais seguindo pautas de análise, contraste e verificación, con actitude crítica e empregando as ferramentas adecuadas.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade, a fiabilidade e a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolve proxectos de investigación que se concretan nunha exposición, un ensaio ou unha presentación multimodal sobre obras da literatura galega dos séculos XX e XXI.		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora a partir da reflexión lingüística e usando unha metalinguaxe específica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e evita os usos discriminatorios da lingua, os abuso de poder e as manipulacións a partir da reflexión e da análise dos procedementos lingüísticos e discursivos e dos elementos non verbais.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con corrección ortográfica e gramatical.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora a partir da reflexión lingüística, cunha metalinguaxe específica.		
CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Elabora e presenta os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos da lingua, usando os conceptos e a terminoloxía adecuada e consultando materias diversos de forma autónoma.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor en textos orais e multimodais.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais e no traballo en equipo, con actitudes de escoita activa e estratexias de cortesía e de cooperación.	TI	15
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais e no traballo en equipo, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
12	UNIDADE 12: A semántica e a Lexicoloxía. Preposicións e conxuncións. Teatro desde 1975 á actualidade.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e rexeita os usos discriminatorios da lingua, a manipulación e os abusos de poder a partir da análise e da reflexión dos elementos lingüísticos e non verbais.	PE	80
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora textos académicos respectando as propiedades textuais e coa planificación e revisión axeitadas.		
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión e corrección gramatical.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais.		
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e a forma de textos especializados, avaliando a súa calidade e fiabilidade e os procedementos lingüísticos empregados.		
CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelabora e comunica de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elabora traballos de investigación de maneira autónoma en diferentes soportes e sobre diversos temas, seleccionando e contrastando información cun sentido crítico e con respecto á propiedade intelectual.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elixo e le de maneira autónoma obras relevantes segundo as propostas de lectura guiada, establecendo un itinerario lector propio.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explica e argumenta a interpretación das obras lidas a partir dos seus elementos constitutivos, das súas relacións internas e do seu contexto, usando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor.		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora a partir da reflexión lingüística e usando unha metalinguaxe específica.		
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e evita os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder e as manipulacións a partir da reflexión e da análise dos procedementos lingüísticos e discursivos e dos elementos non verbais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con corrección ortográfica e gramatical.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora a partir da reflexión lingüística, cunha metalinguaxe específica.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de xeito activo en interaccións orais e no traballo en equipo, adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cortesía e de cooperación.		
CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	Avalía a veracidade de noticias e informacións de redes sociais e contornos dixitais seguindo pautas de análise, contraste e verificación, con actitude crítica e empregando as ferramentas adecuadas.	TI	20
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais e no traballo en equipo, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación.		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Comparte a experiencia lectora usando unha metalinguaxe específica e elaborando unha interpretación persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.

Contidos

- Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no círculo literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguiranse os principios pedagóxicos e as liñas de actuación recomendadas para os cursos de Bacharelato da materia no ANEXO II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Como principios ou liñas metodolóxicas xerais, a materia centrarase no desenvolvemento da competencia comunicativa en lingua galega, traballando principalmente a competencia en comunicación lingüística (CCL). Para desenvolver este proxecto de aprendizaxe competencial abordarase o currículo desde a perspectiva e as recomendacións do Tratamento Integrado de Linguas, fomentando unha metodoloxía activa que poña os coñecementos en contexto, é dicir, que considere como punto de partida as capacidades, aprendizaxes e a experiencia previa do alumnado e constrúa a partir destas, cun enfoque dinámico e participativo, o proceso de aprendizaxe significativa. Neste proceso partirase do traballo na oralidade e da concienciación do seu emprego reflexivo e esmerado.

Tendo en conta os aspectos metodolóxicos xerais que acabamos de enunciado, para a materia de Lingua Galega e Literatura II potenciaranse as seguintes liñas de actuación:

- Emprego de estratexias, métodos, materiais e enfoques variados na abordaxe dos distintos aspectos curriculares.
- Desenvolvemento gradual dos obxectivos e contidos pero sempre procurando o tratamento global en situacións comunicativas reais e significativas, predominando os contextos formais.
- Traballo da expresión oral e escrita desde o marco da lingua estándar, asumindo os modelos normativos como parte da estratexia comunicativa en situacións formais.
- Desenvolvemento de hábitos de lectura, especialmente de obras significativas da literatura galega contemporánea e de estratexias de lectura comprensiva en diferentes soportes.
- Realización de tarefas complexas cun enfoque interdisciplinar nun marco que potencie o traballo cooperativo e a realización de proxectos significativos.
- Integración dos contidos transversais a través dos distintos materiais e proxectos desenvolvidos no proceso de ensino aprendizaxe.
- Enfoque multidisciplinar, que integre elementos de distintas materias e eidos na construción de aprendizaxes que desenvolvan a competencia comunicativa.
- Consolidación das habilidades dixitais, especialmente das máis ligadas ao proceso comunicativo e á expresión de contidos complexos, co emprego de ferramentas dixitais de apoio á aprendizaxe.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de Texto
Aula virtual moodle do curso
Textos literarios seleccionados polo docente

Exemplares de obras literarias da biblioteca de aula e da biblioteca escolar
Materiais audiovisuais, especialmente vídeos e gravacións de interese histórico-literario, sociolóxico e lingüístico
Artigos, noticias e textos de prensa escrita e dixital
Edicións facsímiles de publicacións, libros e revistas de diferentes épocas
EDI, proxector, ordenador e encerado convencional

Empregarase como libro de texto o manual Lingua e Literatura 2º Bacharelato, da editorial Obradoiro Santillana (edición 2023). O emprego deste material realizarase dun xeito flexible e práctico, recorrendo a el especialmente para lectura de textos seleccionados e realización de actividades gramaticais e lingüísticas.

Aula virtual moodle será un recurso empregado como referencia onde se aloxarán a maioría dos materiais empregados. Ademais, será unha vía de comunicación fundamental entre o alumnado e o docente, á parte da vía preferente a través da que se entregarán traballos e tarefas.

A biblioteca da aula (tendo en conta que no centro empregamos a aula-materia como eixo estruturador e como recurso) e a biblioteca do centro achegarán tamén os seus materiais bibliográficos.

O recurso ao audiovisual estará presente e toda a actividade da aula, co emprego de ferramentas informáticas e de imaxe que complementen o uso dos materiais en papel.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial será realizada nos primeiros quince días de curso, non máis aló da sexta sesión de clase. Neste período realizarase unha proba escrita que consistirá nunha produción textual e na resposta a unhas cuestións de comprensión e estruturación do discurso relacionadas cun texto argumentativo ou xornalístico.

Esta avaliación partirá da observación e interacción co alumnado nestas primeiras sesións, ademais da consulta dos informes e documentos académicos facilitados polas titorías.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	10	10	10	5	10	5	10	10
Proba escrita	70	75	75	75	80	75	80	70	70	75
Táboa de indicadores	30	25	25	25	20	25	20	30	30	25

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	5	100
Proba escrita	85	80	76
Táboa de indicadores	15	20	24

Criterios de cualificación:

En cada trimestre realizaranse dúas probas escritas, un control sobre unha obra de lectura (pode ser unha proba escrita ou un test na aula virtual moodle) e, como mínimo, dúas tarefas de produción textual e cuestións prácticas. A súa valoración realizarase do xeito seguinte:

-Probas escritas: 80% (unha primeira proba parcial computará o 30% e a segunda o 50%)

-Control de lectura: 10%

-Tarefas: 10% (realizarase a media das tarefas entregadas)

O resultado desta ponderación será a cualificación da avaliación. Para o cálculo da nota final do curso realizarase a media das tres avaliacións.

A cualificación de probas, controis ou tarefas será de 0 puntos se se detecta suplantación, fraude ou uso de ferramentas ou materiais non autorizados.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non consiga o aprobado na avaliación realizará unha proba escrita de recuperación en cada trimestre, que computará o equivalente ás probas escritas (80%) e que entrará de novo a ponderación co control de lectura e as tarefas.

No caso de que o alumnado aprobe a 3ª avaliación e, aínda así, por ter suspensa algunha outra, non alcance a media suficiente para aprobar, poderá facer de novo a recuperación da parte que lle falte ou, excepcionalmente, facer unha proba escrita de recuperación de dúas avaliacións xuntas a fin de conseguir a media suficiente. En caso de alumnado que suspenda a 3ª avaliación pero teña outras suspensas, poderá escoller facer a proba escrita de recuperación doutra avaliación (ou excepcionalmente de dúas) na que teña unha cualificación inferior para aumentar as posibilidades de ponderación e subir a media.

En caso que a media resultante logo do proceso de recuperación sexa inferior á inicial, tomarase a media máis alta para o cálculo da media final.

O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria realizará unha proba na convocatoria extraordinaria que suporá o 100% da cualificación. Esta proba será exclusivamente unha proba escrita con cuestións sobre os contidos do curso.

A cualificación das probas de recuperación será de 0 puntos se se detecta suplantación, fraude ou uso de ferramentas ou materiais non autorizados.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade no 2º curso de Bacharelato centrarase, nun primeiro momento, na detección temperá dos problemas de aprendizaxe que existan entre o alumnado, para o que será fundamental a avaliación inicial. Ao comezo do curso consultarase ao profesorado titor a información escolar que obra no seu poder en canto ao alumnado que ten recoñecidos problemas de aprendizaxe, en base a diagnósticos ou medidas de atención á diversidade previas que consten no seu expediente académico.

Por outra banda, cando se detecten dificultades de aprendizaxe co curso xa avanzado, poñerase en coñecemento do profesorado titor e consultarase inmediatamente co Departamento de Orientación.

Unha vez detectadas as dificultades, estableceranse as medidas oportunas de reforzo educativo. En caso das medidas extraordinarias, segundo están establecidas no Decreto 229/2011, estas deberán ser aprobadas pola inspección educativa e estruturadas polo centro. No caso das medidas ordinarias, expostas no artigo 8 do mesmo decreto, realizaranse as actuacións necesarias sobre a programación, de cara a adecuala ao alumnado que as precise.

Para o presente curso 2023-2024, á espera da realización da avaliación inicial, prevese que haxa algún caso de alumnado TDAH. Neste caso seguiranse as medidas recomendadas polo protocolo correspondente, especialmente as referidas no apartado d) do artigo citado: adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. Asemade, tamén se aplicarán outras indicacións do protocolo como as recomendacións de explicar cara a cara co/a alumno/a que padeza esta afectación, ademais de procurar colocalo nun sitio dianteiro e fóra do contorno das ventás. En xeral, procurarase evitarlle distraccións e reforzar de xeito personalizado a dinámica de aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual				X				X
ET.4 - Competencia dixital	X		X	X			X	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X					
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educción emocional e en valores	X		X	X	X		X	
ET.8 - Igualdade de xénero	X		X	X	X			
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual				X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X		X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.7 - Educción emocional e en valores	X	X		
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X		
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais veñen identificados no artigo 19 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais dos transversais arriba indicados e recollidos na alínea 1 do artigo citado, a materia de Lingua Galega e Literatura II incorporará o tratamento doutros elementos igualmente relevantes e citados nos apartados 2 e 3 do devandito artigo 19. Deste xeito, promoverase "a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo estado de dereito". En referencia ao penúltimo aspecto citado, no desenvolvemento do currículo da nosa materia terase especial sensibilidade co referido á pluralidade lingüística, concepto que entra de pleno no currículo da materia.

Por outra banda, e como cita o artigo 19.3, "evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, e incorporarase transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Ademais, como parte asemade do currículo da materia "empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente".

O tratamento destes elementos integrarase na metodoloxía activa e integradora proposta para a materia e definida no apartado correspondente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Teatro: A parábola do angazo	Asistencia á representación teatral da obra de Talía Teatro en Santiago de Compostela.	X		
Roteiro de A esmorga	Realización de visita guiada polos lugares de Ourense onde transcorre a novela.		X	

Observacións:

Á parte destas actividades complementarias concretas, que supoñen desprazamento a outra localidade, o alumnado participará en posibles charlas ou encontros que aínda están por definir, especialmente algunhas en colaboración co EDLG e coa Biblioteca escolar. Isto sempre tendo en conta o peculiar calendario e características do curso 2º de Bacharelato, que condiciona a asistencia a numerosas actividades.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Houbo un seguimento do desenvolvemento da programación didáctica e realizáronse as modificacións pertinentes..
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Respectouse a distribución temporal de unidades didácticas e actividades.
Houbo correspondencia dos materiais empregados coa programación didáctica.

Metodoloxía empregada
Empregouse unha metodoloxía dinámica e variada, con uso de materiais diversos.
As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles
Compartíronse recursos e elaboráronse materiais colaborativamente.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Respectouse a puntualidade nas sesións de clase e mostrouse unha actitude colaboradora co alumnado.
Potenciouse a participación, o diálogo e a participación dentro da aula.
Levou un control da asistencia e informouse de problemas inxustificadas de absentismo.
Medidas de atención á diversidade
Establecéronse as medidas de atención á diversidade pertinentes perante a detección de problemas de aprendizaxe.
Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para alumnado con dificultades de aprendizaxe.
Clima de traballo na aula
Propiciouse un ambiente motivador na aula.
O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación establecidos na programación didáctica
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Levou a cabo unha posta en común da evolución da actividade docente nas reunións do departamento didáctico.
Mantívose contacto coas familias para seren informadas do proceso de ensino-aprendizaxe.

Descrición:

Os indicadores de logro da programación están establecidos baseándose na práctica de aula dos últimos cursos e nos indicadores aprobados na CCP do centro no curso 2017-2018, en sesión do 6 de xuño de 2018. En base a estes indicadores, o profesor establecerá unha valoración da súa práctica docente que integrará no informe razoado da práctica docente que presentará á xefatura do departamento a final de curso para ser integrado na memoria final do departamento.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora será o seguinte:

- A programación será obxecto dun seguimento continuado a través da aplicación PROENS e das reunións periódicas do departamento didáctico, onde se recollerá nas correspondentes actas.
- Realizarase ao final de curso unha avaliación da programación conforme aos indicadores establecidos no propio documento. Tamén se realizará unha avaliación xeral no departamento a través da memoria final do departamento didáctico, tendo en conta o informe razoado da actividade docente que achegue o profesorado e as propias reunións e actas onde conste o seguimento.
- As propostas de mellora realizaranse asemade ao final de curso e serán incluídas, tamén, como parte da memoria final do departamento.

9. Outros apartados

1. Obras de lectura para cada trimestre

En cada trimestre, o alumnado realizará a lectura dunha obra literaria, da que despois dará conta no corresponde control, que ponderará o establecido no apartado dos Criterios de cualificación.

As obras para o presente curso son:

1ª Avaliación: Dos arquivos do trasno. Rafael Dieste.

2ª Avaliación: A esmorga. Eduardo Blanco Amor.

3ª Avaliación: Saxo tenor. Roberto Vidal Bolaño.